

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 14 DE SETEMBRO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:10 horas do día 14 de setembro de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 12 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Santos Héctor Rodríguez

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo
D. Alberto Escariz Couso
D. José Riesgo Boluda
D. Álvaro Crespo Casal (asiste aos puntos 2a e 3a)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 8a, 8b, 8c, 9a, 9b, 9c, 10a e 11a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 7 de setembro de 2017

Non se aproba por falta de quórum.

b) Acta da sesión do 11 de setembro de 2017

Apróbese a acta da sesión do 11 de setembro de 2017 cos votos de D^a. Margarita Parajó Calvo, D. Alberto Escariz Couso e D. José Riesgo Boluda.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración do Nadal (4.526-106) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 7 de setembro de 2017, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días hábiles a ENTERTAINMENT AND



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 19:31	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA74F-57ED8E-512128-UUDTUP-GA2VG5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

LEISURE TECHNOLOGY, S.L. para que puidese emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación (a solvencia técnica resultaba insuficiente e non achega compromiso de adscrición dos medios esixidos).

O citado licitador presentou documentación o 11 de setembro de 2017, dentro do prazo concedido. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade admitir neste procedemento a ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración do Nadal (4.526-106)

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto das obras de renovación dun ascensor no edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo (3.994-440) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira técnica industrial da Área de Servizos Xerais o 12 de setembro de 2017 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa García Lorca (4.486-440) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección técnica de Obras o 11 de setembro de 2017 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes e túneles do Concello de Vigo (40.873-444) (informe sobre C e proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira técnica industrial da Área de Servizos Xerais o 12 de setembro de 2017 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 19:31	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA74F-57ED8E-512128-UUDTUP-GA2VG5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto das obras de renovación dun ascensor no edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo (3.994-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola enxeñeira técnica industrial da Área de Servizos Xerais o 12 de setembro de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa García Lorca (4.486-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección técnica de Obras o 11 de setembro de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes e túneles do Concello de Vigo (40.873-444)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola enxeñeira técnica industrial da Área de Servizos Xerais o 12 de setembro de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes e túneles do Concello de Vigo (40.873-444)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes e túneles do Concello de Vigo (40.873-444) na seguinte orde descendente:

Lote nº1: Soportes e accesorios:

Licitador	Puntos
DIGAMEL, S.A.	100,00

Lote nº2: Luminarias e os seus accesorios:

Licitador	Puntos
-----------	--------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 19:31	Páxina 3 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA74F-57ED8E-512128-UUDTUP-GA2VG5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DIGAMEL, S.A.	100,00
---------------	--------

Lote nº3: Material electromecánico diverso e condutores:

Licitador	Puntos
DIGAMEL, S.A.	100,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos 3 lotes, DIGAMEL, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.085,36 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos e materiais de construción e de ferretería para o taller de fomento do Concello de Vigo (79.256-250)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que o 30 de agosto de 2017 se notificou o acordo de clasificación adoptado pola Xunta de Goberno local na sesión do 29 de agosto aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (lotes 1 e 2), GARCI VENTA, S.L. (lote 3) e SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. (lote 4), que presentaron diversa documentación o 13, 11 e 8 de setembro de 2017, respectivamente, dentro do prazo concedido.

Tras a cualificación da anterior documentación pola Mesa de Contratación, esta acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días hábiles a GARCI VENTA, S.L. (lote 3) e SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. (lote 4) para que emenden a documentación presentada.

Faise constar que o licitador TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. achega unha declaración responsable na que indica unha serie de contratos co Concello de Vigo, pero non acredita a solvencia técnica segundo as esixencias do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación. Así mesmo, achega escritura na que consta o seguinte obxecto social: “*transporte de mercancías en xeral*”.

Presente na sesión o xefe da Área de Investimentos informa aos membros da Mesa que este licitador foi adxudicatario do contrato, do mesmo obxecto que o que se licita, tramitado no expediente número 65.970/250. Nese expediente, concretamente, no acordo da Xunta de Goberno local do 24 de maio de 2013, consta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 19:31	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA74F-57ED8E-512128-UUDTUP-GA2VG5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



que o lotes 1 (subministro de formigón) e 2 (subministro de áridos) se adjudicaron a TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. por importe de 290.000 euros/ano e 160.000 euros/ano, respectivamente, polo que pode entender acreditada a solvencia desta empresa para ambos lotes, segundo os datos que constan en poder desta Administración.

Tamén consta no referido expediente escritura complementaria que recolle o obxecto social da empresa (ampliado respecto do que figura na escritura achegada na documentación presentada o 13 de setembro de 2017 para o contrato 79.256-250): *“transporte de mercancías en xeral, así como a compravenda de áridos e toda clase de maquinaria e materiais usados na construción”*).

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 19:31	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA74F-57ED8E-512128-UUDTUP-GA2VG5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		